



INFORME SOBRE O GRAO DE CUMPRIMENTO DO PLAN ANUAL NORMATIVO DE 2017

Por acordo do Consello da Xunta de 24 de maio de 2017 foi aprobado o Plan Normativo para o ano 2017, dando así cumprimento aos principios de boa regulación, seguridade xurídica e transparencia que fundamentan as esixencias da planificación normativa ex ante.

O Plan Normativo do ano 2017 está publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e está a disposición de toda a cidadanía.

Trátase de 106 normas novas: en concreto 11 leis, 70 decretos e 25 ordes de rango regulamentario.

Tal e como establece este Plan, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza elaborará, no primeiro trimestre de 2018, un informe no que se recollerá o grao de cumprimento do Plan, incluíndo aquelas iniciativas que non estaban inicialmente contidas.

O presente informe recolle, no seu Anexo, o estado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano 2017 segundo a información proporcionada polos distintos departamentos da Xunta de Galicia, dando conta así da execución das súas respectivas planificacións normativas.



Infórmase pois, a data 15 de marzo de 2018 e por departamentos, dos proxectos normativos aprobados, daqueles que se atopan en tramitación e daqueles cuxa tramitación foi desistida xunto coas súas xustificacións indicando ademais, os proxectos que foron trasladados ao Plan Anual Normativo para ao ano 2018.

Cos datos consolidados, conséntase que, das 11 leis previstas no Plan normativo de 2017, 8 están aprobadas ou en avanzado estado de tramitación. Isto supón o 73% das iniciativas legislativas previstas no Plan.

Pola súa banda, do total das 95 disposicións regulamentarias previstas no Plan (70 decretos e 25 ordes) 58 foron aprobadas ou se atopan en avanzado estado de tramitación. Isto supón o 61% das previsións regulamentarias recollidas no Plan.

Xunto a este conxunto de normas, tamén se inclúen aquelas iniciativas que non estaban inicialmente contidas no Plan de 2017 e que foron tamén aprobadas xunto coa súa xustificación da non inclusión no Plan. Son un total de 20 normas (2 leis, 7 decretos e 11 ordes) que pasan a formar parte do Plan Anual Normativo do ano 2017, polo que o plan quedou definitivamente integrado por un total de 126 normas.

Por último, compre destacar que desde a apertura do Portal de Transparencia e Goberno Aberto (7 de marzo de 2016), os cidadáns



poden participar dende o primeiro momento na elaboración das normas, incluso antes de comezar a redactar a propia norma, para xa coñecer as súas demandas e opinións e facelos partícipes en todas as fases do proceso normativo. Posteriormente, tamén poden volver a realizar aportacións nas fases posteriores de audiencia e información pública.

E todo isto, a través dun único acceso centralizado e estruturado nas distintas fases de todo o proceso de produción normativa que se puxo en funcionamento a través do Portal de Transparencia para mellorar a participación cidadá mediante o uso de novas tecnoloxías.



Informe do grao de cumprimento Plan Anual Normativo 2017

**Plan aprobado polo Consello da Xunta do 24/05/2017
e publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto**



CONSELLERÍA:	PRESIDENCIA
---------------------	--------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei de administración dixital de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluída no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula o deporte de alto nivel.	Tramitouse a consulta pública previa. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba o regulamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informe preceptivo. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba o Regulamento da Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informe preceptivo. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba o procedemento e os criterios para o recoñecemento de modalidades e especialidades deportivas	Elaborado o texto inicial. Non se iniciou a tramitación para rematar os procesos de recoñecemento abertos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en parques empresariais e polígonos industriais de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente do ditame do Consello Consultivo de Galicia. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifican os estatutos da AMTEGA e se suprime o CIXTEC.	Elaborado o texto inicial. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto adscrición infraestruturas de telecomunicacións.	Iniciada a tramitación do Decreto valórase que non ten carácter de norma.
Orde	Orde pola que se establecen os criterios para a elaboración dos regulamentos que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.	Aprobada. DECRETO 16/2018, do 15 de febreiro. DOG núm. 34, do 16 de febreiro de 2018. (Tramitouse como Decreto por tratarse dun desenvolvemento executivo da Lei do Deporte).



TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo. DOG núm. 46, do 6 de marzo de 2018.	Necesidade de transposición axeitada da directiva comunitaria. A carta de emprazamento foi notificada en maio do 2017.
Decreto	DECRETO 4/2018, do 11 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Organizadora do Xacobeo 2021. DOG núm. 15, do 22 de xaneiro de 2018.	Necesidade de creación dun órgano de coordinación.
Orde	ORDE do 21 de febreiro de 2018 pola que se crea un ficheiro de datos de carácter persoal na Axencia Turismo de Galicia. DOG núm. 47, do 7 de marzo de 2018.	Necesidade de creación dun ficheiro para Inspección turística, con nivel alto, unha vez analizada a documentación e datos que se tratan pola Área de Inspección da Axencia Turismo de Galicia.



CONSELLERÍA:	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP E XUSTIZA
---------------------	---

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.	Aprobada. LEI 10/2017, do 27 de decembro. DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.	Aprobado. DECRETO 70/2017, do 13 de xullo, DOG núm. 145, do 1 de agosto de 2017.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta.	Aprobado. DECRETO 134/2017, de 7 de decembro, DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula a estrutura e organización da oficina xudicial en Galicia.	Aprobado. DECRETO 87/2017, do 7 de setembro, DOG núm. 177, do 18 de setembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.	Tramitouse a consulta pública previa. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regulan os procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local de Galicia e aos postos de vixiante municipal e auxiliar de policía local.	Aprobado. DECRETO 115/2017, do 17 de novembro, DOG núm. 222, do 22 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se regula o novo sistema de xestión da calidade do sector público autonómico así como os sistemas de análise da demanda e o grao de satisfacción das persoas usuarias dos servizos públicos, en desenvolvemento da lei 1/2015 de garantía da calidade dos servizos públicos.	Tramitouse a consulta pública previa. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula o Rexistro de convenios do Sector Público Autonómico de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informe preceptivo. Incluído no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AAPP E XUSTIZA
---------------------	---

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Orde	Orde de desenvolvemento da Disposición Adicional 2.ª da Lei 9/2016, para regular o acceso aos corpos de policía local do persoal funcionario previsto no artigo 53.3 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade.	A súa aprobación está supeditada á aprobación da modificación do Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se determinan a contía e mais o procedemento de aboamento das probas periciais a cargo da Administración de xustiza en Galicia.	En fase inicial de tramitación. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se modifica a Orde do 12 de agosto de 2011 pola que se regula a modalidade do xogo do bingo electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia.	Desístese da súa tramitación por non terse acadado o consenso suficiente.

TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Decreto	DECRETO 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia. DOG núm. 69, do 7 de abril de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Orde	ORDE do 30 de novembro de 2017 pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional. DOG núm. 229, do 1 de decembro de 2017.	En data posterior á planificación normativa do 2017 foi adquirido o compromiso da súa aprobación coa Comisión Galega de Cooperación Local.



CONSELLERÍA:	FACENDA
---------------------	----------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.	Pendente de iniciar a súa tramitación. Incluída no PAN 2018.
Lei	Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.	Aprobada. LEI 1/2017, do 8 de febreiro. DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017
Decreto	Decreto de provisión de postos de traballo de persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.	Elaborado o texto inicial. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.	Aprobado. DECRETO 124/2017, do 30 de novembro. DOG núm. 234, do 12 de decembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.	Desístese da súa tramitación por razóns de oportunidade.
Decreto	Decreto polo que se regula o proceso de funcionarización.	Pendente de iniciar a súa tramitación. Incluído no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	FACENDA
---------------------	----------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Orde	Orde pola que se regula a presentación telemática de depósitos e garantías.	<p>Pendente de iniciar a súa tramitación. Estase a traballar na actualidade coas entidades de crédito para que a través da páxina web da Consellería de Facenda se efectúe a presentación telemática de avais. de acordo co establecido na Orde do 23 de maio de 2008 e que xa está funcionando coas entidades de garantía recíproca.</p> <p>Se pretende que a presentación e o pagamento dos depósitos e garantías en metálico que se deban presentar ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma se efectúe telemáticamente, polo que se está a traballar no procedemento que se deberá seguir así como o desenvolvemento dunha plataforma informática que o permita.</p> <p>Incluído no PAN 2018.</p>

TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Lei	Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. DOG núm. 245, do 28 de decembro de 2017.	Non foi posible prever con antelación a súa tramitación.
Lei	Lei 3/2017, do 13 de xullo, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social e de modificación da Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. DOG núm. 134, do 14 de xullo de 2017	Non foi posible prever con antelación a súa tramitación.
Orde	Orde do 9 de febreiro de 2017 pola que se determinan as parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas ou áreas rurais para os efectos das deducións previstas nos números sete do artigo 16 e oito do artigo 17 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo. DOG núm. 29, do 10 de febreiro de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
	Orde do 1 de febreiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 27 de xaneiro de 2014 pola que se regulan a subministración electrónica dos cartóns de bingo autorizados na	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.



TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Orde	Comunidade Autónoma de Galicia e a presentación e o pagamento electrónico da taxa fiscal sobre o xogo do bingo. DOG núm. 28, do 9 de febreiro de 2017.	
Orde	Orde do 18 de decembro de 2017 pola que se establecen as normas de aplicación do imposto compensatorio ambiental mineiro. DOG núm. 246, do 29 de decembro de 2017	Non foi posible prever con antelación a súa tramitación.



CONSELLERÍA:	MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.	Aprobada. LEI 4/2017, do 3 de outubro. DOG núm. 194, do 11 de outubro de 2017
Lei	Lei do patrimonio natural de Galicia.	Fase intermedia de tramitación. Elaboración de informe de alegacións e adaptación do texto. Durante o período de audiencia e información pública foron presentados 311 escritos que contiñan un total de 1.344 alegacións, polo que os traballos de análise e valoración destas, así como de adaptación da norma, excederon as previsións iniciais. Incluída no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regulan as competencias autonómicas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.	Fase intermedia de tramitación. Elaboración de informe de alegacións e adaptación do texto. Necesidade de coordinar as modificacións operadas na normativa sectorial en materia de montes en canto á competencia para o outorgamento da autorización autonómica en servidume de protección, que se incorporaron na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, a través da modificación operada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresarias de Galicia. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, aos efectos previstos na Disposición transitoria vixésimo cuarta do Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas.	Avanzado estado de tramitación. Atópase na fase final. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.	Aprobado. DECRETO 95/2017, do 21 de setembro. DOG núm. 195, do 13 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se crea e regula o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.	Aprobado. DECRETO 15/2018, do 25 de xaneiro. DOG núm. 33, do 15 de febreiro de 2018.



CONSELLERÍA:	MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.	Aprobado. DECRETO 19/2018, do 1 de febreiro. DOG núm. 36, do 20 de febreiro de 2018.
Orde	Orde pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Atópase na fase final. Incluído no PAN 2018.

TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Decreto	Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 193/2012, do 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental. DOG núm. 28, do 8 de febreiro de 2018.	As novas estruturas orgánicas da Xunta de Galicia e da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia aprobada polos decretos 146/2016, do 13 de novembro e 177/2016, do 15 de decembro, respectivamente, conlevaron cambios e modificacións nas denominacións e funcións de determinados órganos, afectando á composición das vogalías do Observatorio Galego de Educación Ambiental, polo que foi necesario axustar tal composición a esta situación.



CONSELLERÍA:	INFRAESTRUTURAS E VIVENDA
---------------------	----------------------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regulan as vivendas protexidas e a súa adxudicación, os locais do patrimonio do Instituto Galego da Vivenda e Solo, o solo destinado a vivenda protexida e o Rexistro de Promotores de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.	O seu contido foi incorporado á regulación do solo empresarial na lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais. Polo que non se vai tramitar como tal norma.



CONSELLERÍA:	ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
---------------------	--------------------------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei de fomento de implantación empresarial.	Aprobada. LEY 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia. DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2017.
Lei	Lei de emprego de Galicia.	Pendente de iniciar a súa tramitación. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto relativo aos ascensores instalados na Comunidade Autónoma de Galicia.	Aprobado. DECRETO 107/2017, do 26 de outubro. DOG núm. 216, do 14 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 70/2011, do 7 de abril, polo que se regulan a actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos automóbiles e dos seus equipamentos e compoñentes.	Aprobado. DECRETO 108/2017, do 2 de novembro. DOG núm. 219, do 17 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se crea a Unidade Galicia Emprende e se regula o seu funcionamento.	Avanzado estado de tramitación. Pendente da emisión do último informe preceptivo. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula o Rexistro de instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos.	Elaborado o texto inicial da Orde. Incluída no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se desenvolve o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora do persoal investigador contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (PROGRAMA OPORTUNIUS).	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluída no PAN 2018.



TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Decreto	Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 22, do 1 de febreiro de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Decreto	Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos. DOG núm. 163, do 29 de agosto de 2017.	Non foi incluído no Plan Anual Normativo de 2017 por ter carácter organizativo.
Orde	Orde do 4 de xaneiro de 2017 pola que se regula o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, código de procedemento IN223B. DOG núm. 13, do 19 de xaneiro de 2017.	Aprobada antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Orde	Orde do 12 de abril de 2017 pola que se revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía. DOG núm. 79, do 25 de abril de 2017.	Aprobada antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Orde	Orde do 7 de setembro de 2017 pola que se determinan os criterios que seguirán as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación da Comunidade Autónoma de Galicia para a elaboración dos seus censos electorais, a clasificación en grupos e categorías de cada unha das empresas que os integran e para a asignación de vogais representantes nos plenos respectivos. DOG núm. 175, do 14 de setembro de 2017.	Urxente tramitación pola publicación o 29 de xullo de 2017 no BOE da Orde EIC/710/2017 do 26 de xullo, pola que se declara aberto o proceso electoral para a renovación dos Plenos das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España. O proceso electoral abriuse o 2 de outubro de 2017.



CONSELLERÍA:	CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2017/2018.	Aprobado. DECRETO 65/2017, do 6 de xullo. DOG núm. 134, do 14 de xullo de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Baloncesto.	Aprobado. DECRETO 106/2017, do 28 de setembro. DOG núm. 215, do 13 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en Judo e Defensa Persoal.	Aprobado. DECRETO 120/2017, do 28 de setembro. DOG núm. 230, do 4 de decembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo en Piragüismo de Augas Bravas, técnico deportivo en Piragüismo de Augas Tranquilas e técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas.	Aprobado. DECRETO 109/2017, do 28 de setembro. DOG núm. 220, do 20 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Atletismo.	Aprobado. DECRETO 80/2017, do 15 de xuño. DOG núm. 154, do 14 de agosto de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Baloncesto.	Aprobado. DECRETO 118/2017, do 5 de outubro. DOG núm. 225, do 27 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo de grao superior correspondente ao título de técnico deportivo superior en Hípica.	Aprobado. DECRETO 121/2017, do 5 de outubro. DOG núm. 233, do 11 de decembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo correspondente ao título de técnico deportivo superior en Salvamento e Socorrismo.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de aprobación polo Consello da Xunta. Incluído no PAN 2018.



CONSELLERÍA: CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA		
TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño en Dourado, Prateado e Policromía.	Aprobado. DECRETO 92/2017, do 7 de setembro. DOG núm. 189, do 4 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ebanistería Artística.	Aprobado. DECRETO 103/2017, do 7 de setembro. DOG núm. 202, do 24 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Escultura Aplicada ao Espectáculo.	Aprobado. DECRETO 94/2017, do 7 de setembro. DOG núm. 193, do 10 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Técnicas Escultóricas.	Aprobado. DECRETO 101/2017, do 7 de setembro. DOG núm. 197, do 17 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo en barrancos, escalada e media montaña.	Pendente de desenvolvemento ata que o Estado publique o Real Decreto polo que se establece o título. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes ao título de técnico deportivo superior en alta montaña e escalada.	Pendente de desenvolvemento ata que o Estado publique o Real Decreto polo que se establece o título. Incluído no PAN 2018
Decreto	Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial.	Desenvolverase no 2018 pendente da publicación do Real Decreto 1041/2017, por parte do Estado. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.	Desístese da súa tramitación. Pendente de renovación do Pacto Educativo.



CONSELLERÍA:	CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión mixta Xunta de Galicia-Igrexa católica.	Aprobado. DECRETO 84/2017, do 3 de agosto. DOG núm. 169, do 6 de setembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se regula a composición e funcionamento dos Consellos Territoriais do Patrimonio cultural de Galicia, do Consello asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.	Aprobado DECRETO 93/2017, do 14 de setembro. DOG núm. 192, do 9 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se regula o funcionamento do depósito legal en Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018
Decreto	Decreto polo que se aproban os estatutos da Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia.	Aprobado. DECRETO 6/2018, do 11 de xaneiro. DOG núm. 20, do 29 de xaneiro de 2018.
Orde	Orde pola que se regula o procedemento para homologar e validar títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias.	Pendente de iniciar a tramitación. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informe preceptivo. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula a proba para a obtención do título de bacharel para persoas maiores de vinte anos na Comunidade Autónoma de Galicia.	Desítese da súa tramitación. Pendente da aprobación de normativa básica estatal na materia.
Orde	Orde pola que se regulan as probas para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para persoas maiores de dezoito anos na Comunidade Autónoma de Galicia.	Integrada na Orde pola que se regula a educación básica para persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, polo que xa non procede a súa tramitación.
Orde	Orde pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanza de Réxime Especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia.	A tramitación desta orde quedou aprazada ata o 2018. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula o acceso, a avaliación e certificación das ensanzas de idiomas de Réxime Especial.	Aprazouse ao 2018 ata que se publique o Decreto que establece os novos currículos de ensanzas de idiomas. Incluída no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Orde	Orde pola que se regula a avaliación de Educación Secundaria Obrigatoria.	Aprazada a súa tramitación dado que depende da aprobación dos Reais Decretos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Incluída no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula a avaliación de Bacharelato.	Aprazada a súa tramitación dado que depende da aprobación dos Reais Decretos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Incluída no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se regula o Bacharelato de Excelencia en Idiomas.	Desístese da súa tramitación dado que foi substituída polo Plan Edulingüe e por resolucións que convocan procesos de selección de centros.
Orde	Orde pola que se regula a extensión do plurilingüismo no segundo ciclo de Educación Infantil.	Desístese da súa tramitación dado que foi substituída polo Plan Edulingüe e por resolucións que convocan procesos de selección de centros.
Orde	Orde pola que se regulan novas materias de libre configuración autonómica.	Pendente de iniciar a tramitación. Incluída no PAN 2018
Orde	Orde pola que se desenvolve o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.	Pendente de iniciar a tramitación, necesidade de recabar nova información. Incluída no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.	Aprobada. ORDE do 13 de xuño de 2017. DOG núm. 117, do 21 de xuño de 2017.
Orde	Orde pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2017/2018.	Aprobada. ORDE do 14 de xuño de 2017. DOG núm. 120, do 26 de xuño de 2017.
Orde	Orde pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2017/2018.	Aprobada. ORDE do 15 de xuño de 2017. DOG núm. 120, do 26 de xuño de 2017.



CONSELLERÍA:	CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
---------------------	--

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Orde	Orde pola que se fixan os prezos públicos dos servizos bibliotecarios de xestión autonómica.	En fase inicial de tramitación. Incluída no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	SANIDADE
---------------------	-----------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei polo que se modifica a Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia.	Aprobado o proxecto de lei o 7 de decembro de 2017.(entrada no Parlamento de Galicia o 14 de decembro de 2017).
Lei	Lei de ordenación da prestación farmacéutica en Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluída no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.	Aprobado. DECRETO 105/2017, do 28 de setembro. DOG núm. 214, do 10 de novembro de 2017.
Decreto	Decreto polo que se regula a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula a formación do persoal que realiza actividades hixiénico-sanitarias de mantemento das instalacións susceptibles de propagar a legionella, tatuaxes, micropigmentación e piercing e de centros de bronceado artificial mediante radiacións ultravioletas.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula a autorización de depósitos de medicamentos estupefacientes en clínicas veterinarias.	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.	Desistida a súa tramitación por motivos de oportunidade.
Decreto	Decreto polo que se regulan os horarios e quendas de urxencias de oficinas de farmacia.	Avanzado estado de tramitación En fase de estudo das alegacións da fase de audiencia pública. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos.	Avanzado estado de tramitación Esta na última fase da tramitación. Incluído no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	SANIDADE
---------------------	-----------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se aproba o mapa farmacéutico de Galicia.	Aprobado. DECRETO 127/2017, do 23 de novembro. DOG núm. 237, do 15 de decembro de 2017.

TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Decreto	DECRETO 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, e se crea o seu rexistro. DOG núm. 70, do 10 de abril de 2017.	Necesidade de regular este uso sanitario que non estaba previsto inicialmente.



CONSELLERÍA:	POLÍTICA SOCIAL
---------------------	------------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se regula o réxime de rexistro, control, acreditación e a Inspección dos servizos sociais de Galicia.	En fase inicial de tramitación. Os cambios organizativos, as revisións normativas tanto referidas ao réxime do control en relación á norma reguladora de unidade de mercado como as de carácter procesual, determinaron abordar un novo estudo do anteproxecto, sendo necesaria a revisión do calendario inicialmente previsto. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.	Aprobado. DECRETO 68/2017, do 13 de xullo. DOG núm. 143, do 28 de xullo de 2017.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, relativa ao copagamento dos servizos de atención diúrna terapéutica de alzheimer e dano cerebral.	Aprobado polo Consello da Xunta o 15 de febreiro de 2018.
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.	Pendente de iniciar a súa tramitación. Os amplos cambios organizativos e as revisións normativas en materia de dependencia e de procedemento administrativo determinaron a necesidade da revisión do calendario de tramitación previsto, que se estenderá ata ao ano 2019.
Decreto	Decreto polo 97/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Acción Voluntaria, a planificación e a formación.	Aprobado. DECRETO 97/2017, do 28 de setembro. DOG núm. 196, do 16 de outubro de 2017.
Decreto	Decreto de desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusion Social de Galicia, no relativo a tramitación da Renda de Inclusion Social de Galicia (Risga), e das axudas de Inclusion Social (Ais)	Avanzado estado de tramitación. Pendente de informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.



TIPO DE DISPOSICIÓN	INICIATIVAS APROBADAS NON PREVISTAS NO PLAN DE 2017	XUSTIFICACIÓN (da non inclusión no Plan de 2017)
Orde	Orde do 29 de marzo de 2017, polo que se crea un novo ficheiro de datos de carácter persoal. DOG núm. 68, do 6 de abril de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Orde	Orde do 3 de abril de 2017, pola que se modifica a Orde do 25 de novembro de 2015, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. DOG núm. 73, do 17 de abril de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.
Orde	Orde do 11 de abril de 2017, pola que se publica o modelo actualizado de solicitude de complemento de pensión para o alugueiro de vivenda a favor das/dos pensionistas da Seguridade Social na súa modalidade non contributiva para a súa presentación na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 83, do 2 de maio de 2017.	Aprobado antes da aprobación do Plan Anual Normativo de 2017.



CONSELLERÍA:	MEDIO RURAL
---------------------	--------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se modifica o Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal. (cambiouse o título, era o <i>anterior Decreto de modificación do decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polos montes veciñais en man común en actuacións de mellora e protección forestal</i>)	Avanzado estado de tramitación. Pendente do informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto de modificación do decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia.	Avanzado estado de tramitación. Pendente do informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto de modificación do Decreto 235/2007 de 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de asesoramento e de xestión das explotacións agrarias.	Avanzado estado de tramitación. Pendente do informes preceptivos. Novo título: Decreto polo que se regula o sistema de asesoramento ás explotacións agrarias de Galicia, se crean as Unidades de Asesoramento e Xestión de explotacións Agrarias e se modifica o Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia. (inclúe a regulación do Decreto polo que se crean as unidades de asesoramento e xestión de explotacións agrarias). Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se aproba o regulamento da Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga).	Pendente do informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.



CONSELLERÍA:	MEDIO RURAL
---------------------	--------------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Decreto	Decreto polo que se crean as unidades de asesoramento e xestión de explotacións agrarias.	Avanzado estado de tramitación. Pendente do informes preceptivos. Novo título: Decreto polo que se regula o sistema de asesoramento ás explotacións agrarias de Galicia, se crean as Unidades de Asesoramento e Xestión de explotacións Agrarias e se modifica o Decreto 200/2012, polo que se regula o Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia. (inclúe a regulación do Decreto de modificación do Decreto 235/2007 de 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de asesoramento e de xestión das explotacións agrarias). Incluído no PAN 2018.
Decreto	Decreto polo que se regula a artesanía alimentaria.	Avanzado estado de tramitación. Pendente do informes preceptivos. Incluído no PAN 2018.
Orde	Orde pola que se modifican os anexos do Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e o contido, organización e funcionamento do Rexistro de Empresas do Sector Forestal.	Desítese da súa tramitación dado que estase iniciando a tramitación dun decreto adaptado ás modificacións da Lei de Montes realizadas ao abeiro da Lei 5/2017, de 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.



CONSELLERÍA:	MAR
---------------------	------------

TIPO DE DISPOSICIÓN	PREVISIÓNS DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017	SITUACIÓN
Lei	Lei de portos.	Aprobada. LEI 6/2017, do 12 de decembro. DOG núm. 236, do 14 de decembro de 2017.
Decreto	Decreto de ordenación e funcionamento do servizo de gardacostas de Galicia.	Aprobado polo Consello da Xunta.